

Deportes



IX Torneo de Golf de El Progreso

As instalacións do Club de Golf de Lugo acolleron a celebración da novena edición do Torneo de Golf de El Progreso, que tivo como gañador final ao lucense Pablo Ouro Barba, que foi quen de superar aos preto de 60 xogadores que se deron cita neste evento ao longo de toda a xornada. A proba desenrolouse no formato stableford individual, nun percorrido de 18 buratos. A presidenta do Grupo El Progreso, Blanca García Montenegro, e o presidente do club lucense, Ignacio Somoza Vila, foron os encargados de premiar aos máis destacados nesta edición do torneo. O mencionado mellor xogador, Pablo Ouro, do Club de Golf de

Lugo, estivo seguido en segunda posición polo seu compañeiro Manuel Vizcaíno López, mentres que en terceiro lugar quedou Rafael Castellano Cerviño, do Río Cabe de Monforte. Ademais da categoría absoluta, disputáronse outras tres modalidades: a primeira, segunda e terceira categorías hándicap. Doutra banda, tamén se concederon premios á mellor dama, que foi a lucense Laura Rodríguez Camino, e ao mellor sénior, José Julio Fernández Sobrado, tamén do Golf Lugo. Os case 60 xogadores que participaron neste IX Torneo de Golf de El Progreso chegaron á cidade desde os máis diversos puntos da comunidade autónoma galega e conseguiron bater un récord de participación nesta cita do calendario deportivo lucense. Fotos de **J. Vázquez**.

